

Montserrat Rodés

Tempos desertos

(poemas inéditos)

NON REPRESENTARÍA
ningún erro, evitar
sentir. E ser repouso.
Para non significar,
así, outra cousa.
Que deter o estado
primixenio. Tan doado
achegarse ao vento.

AFACERSE a vir
de lonxe. Deixarse
levar por un estado incógnito.
Descoñecer. Para non estar.
E fixar o regreso. De incerta hora.
Xusto á entrada do mar. Branco.

E DESPOIS, compasar
os límites que mudan. Mais
nada cá brevidade núa
de perderse. No lugar primeiro.
Previo ao dominio das sombras.

PERMITIRME a lene claridade.
Para sempre. A existencia á marxe.
A carne acesa no vidro. Se
fomos corpo. Máis ca este
nunca que devora, é a cousa
de ser. O froito para redimir
a outra verdade. Invocada.

PERSÍGOME polo espazo
feito de cousas. Acontecidas.
Entrarei no silencio.
Para responderme. Na calma
dun laio. Entre un ti
e un eu. Alén. Onde reencontras
a forma. Indivísibel.

VOLVO FALAR dende a imaxe
desdobrada. Na sucesión
inconmensurable. De ausencias. No
fondo dunha violenta escuridade.
As marcas que non din. Xorden.
Do devalo ao lume. Indefíníbeis.

A ESTRANĒZA cubrindo a nudez
baleira. Atrás, a estreita porta
vacilante. Nada daquilo estaba feito
para min. Porén, era. E desfacíase
a casa. Remota. Sen piedade
ningunha. Derrubando o seu
tacto. Os días seducidos.

QUE DEBERÍA entender
da repentina turbación
das palabras. Incompletas.
E precipitar os sentidos,
para traducilos en sinais.
Vibrátiles. Talvez, anteriores
a tempos desertos. Á materia.

Temps deserts (pomemes inèdits)

NO REPRESENTARIA
cap error, evitar
sentir. I ser repòs.
Per no significar,
així, cap altra cosa.
Que detenir l'estat
primigeni. Tan fàcil
d'aproximar-se al vent.

* * *

ACOSTUMAR-SE a venir
de la llunyania. Deixar-se
endur per un estat incògnit.
Desconèixer. Per no ser-hi.
I fixar el retorn. D'hora incerta.
Just a l'entrada del mar. Blanc.

* * *

I DESPRÉS, acompassar
els límits canviants. Res
més que la brevetat nua
de perdre's. Al lloc primer.
Previ al domini d'ombres.

* * *

PERMETRE'M la lleu claredat.
Per sempre. L'existència al marge.
La carn encesa al vidre. Si
hem estat cos. Més que aquest
mai que devora, és allò
de ser. El fruit per redimir-ne,
l'altra veritat. Invocada.

* * *

EM SEGUEIXO per l'espai
fet de coses. Succeïdes.
Entraré en el silenci.
Per respondre'm. En la calma
d'un lament. Entre un tu
i un jo. Enllà. On retrobes
la forma. Indivisible.

* * *

TORNO A PARLAR des de la imatge
desdoblada. En la successió
immesurable. D'absències. Al
fons d'una violenta obscuritat.
Les marques que no diuen. Sorgeixen.
Del descens al foc. Indefinibles.

* * *

L'ESTRANYESA cobrint la nuesa
buida. Darrere, l'estreta porta
vacil·lant. Res d'allò era fet
per mi. Però, era. I se'm desfeia
la casa. Remota. Sense cap
mena de pietat. Derruïnt-ne
el tacte. Els dies seduïts.

* * *

QUÈ M'HAURIA de fer entendre
la sobtada torbació
de les paraules. Incompletes.
I precipitar els sentits,
per traduir-ne els senyals.
Vibràtils. Potser, anteriors
a temps deserts. A la matèria.